



## CONCELLO DE BUEU

<b>N. Expediente</b>	1628/2019 vinculado cos seguintes expedientes: 362/2019 ( subvención Xunta de Galicia) 1416/2019 ( subvención Deputación de Pontevedra)
<b>Código de clasificación</b>	2.05.00
<b>Procedemento</b>	Contratacións
<b>Código SIA</b>	1429768
<b>Documento</b>	INFORME ÓRGANO XESTOR XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS
<b>Trámite</b>	Xustificación da necesidade e idoneidade da contratación

### **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN**

Asunto: XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN.-

#### **I. ÁMBITO FUNCIONAL**

O presente informe emítese tendo en conta o ámbito material da concellería delegada de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas Públicas que resultan do réxime interno da organización do goberno municipal resultado da Resolución de alcaldía núm. 2019-0926, de 28.06.2019.

Do acto administrativo de alcaldía referenciado, resulta sinalado o ámbito funcional de dita concellería, asignando aos concelleiros delegados de área as facultades de dirección organización interna e xestión directa que comprende a súa área funcional correspondente.

#### **II. OBXECTO. DIVISIÓN EN LOTES. TITULARIDADE E AFECCIÓNS**

Ao abeiro do artigo 25.2.a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración de Galicia, os concellos asumen competencias en materia de urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Conservación e rehabilitación da edificación. Tamén a protección da salubridade pública. A seguridade nos lugares públicos. A conservación de camiños e vías rurais. A protección do medio ambiente. O alumeadado público.

Coa celebración deste contrato preténdese acometer a reforma das beirarrúas que están moi deterioradas, polo que se considera oportuno proceder á súa realización. Abórdase neste proxecto a totalidade do Polígono Industrial de Castiñeiras que abranguen unha lonxitude total de 2023,5 m.

A viabilidade das obras procede do intenso uso que destas xa se fai hoxe e que se manterá no futuro e de que os medios necesarios para a súa construción son os normais para este tipo de traballos, non requirindo de métodos excepcionais por dificultade técnica nin custo económico, sendo o seu grao de dificultade "baixo".



## CONCELLO DE BUEU

Como se expuxo o obxecto do contrato é a mellora das beirarrúas do Polígono Industrial de Castiñeiras cuxos datos se indican a continuación:

<b>I. OBXECTO DO CONTRATO: MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS</b>				
<b>I.1.- Proxecto</b>	<b>DATOS DOCUMENTACIÓN TÉCNICA</b>			
	<u>Denominación documento</u>	<u>Data documento</u>	<u>Data de aprobación</u>	Redactor
	PROXECTO DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS  (Incorporado ao Libro electrónico de proxectos baixo o núm. 4/2019/	14.06.2019	Decreto de alcaldía núm. 2019-0841 de data 18.06.2019	Alfredo de la Campa Fervenza, arquitecto técnico municipal

Segundo o establecido no propio documento polo Arquitecto Técnico en cumprimento do previsto no artigo 99 da LCSP, polo que respecta a súa división en lotes, non se considera axeitada debido a que, dende o punto de vista técnico, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo. Así mesmo entorpeceríase a súa adecuada execución por ser necesaria a coordinación das diferentes prestacións que abarca o obxecto do contrato.

No que respecta á titularidade e afeccións da actuación proxectada no Anexo I do Proxecto técnico faise constar que deberá obterse autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial.

Consta incorporado ao expediente oficio de alcaldía de data 06.06.2019 no que se solicita autorización sectorial ao Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra e presentado no rexistro electrónico da Deputación provincial en data 07.06.2019 ( Nº Registro: WEB2019020664).

En data 19.06.2019 por parte do arquitecto técnico do concello subscríbese acta de replanteo previo no que sinala que *"Aprobado o documento técnico de referencia reúnense o día sinalado as e os asistentes anteriormente relacionados para proceder ao seu replanteo, facendo constar como consecuencia das operacións practicadas: 1. Por parte do persoal facultativo a realidade xeométrica das obras proxectadas, así como a conformidade co trazado do concello. 2. Ponse de manifesto a existencia da dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras"*.

### **III. VALOR ESTIMADO E FINANCIAMENTO**

O valor estimado do contrato de obra proposto se contén no PROXECTO DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTIÑEIRAS"asinado polo Arquitecto Técnico do Concello, D. Alfredo de la Campa Fervenza en data 14.06.2019 aprobado mediante Resolución de Alcaldía núm. 2019-0841 de data 18.06.2019 e incorporado ao Libro electrónico de Proxectos de obra aprobados baixo o número 2019-0004.



## CONCELLO DE BUEU

O Concello de Bueu conta coa financiación económica que fai viable a materialización desta infraestrutura.

No que respecta á financiación do investimento con data 23 de maio de 2019 (RE núm. 2557) este Concello recibe a a resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 10.05.2019 pola que se lle concede unha subvención para o Proxecto de Mellora de beirarrúas do Polígono Industrial de Castiñeiras ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva) , das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (IN519B) [DOG núm. 7, do 10.01.2019] por importe de 74.296,86 € que representa o 80% sobre o orzamento do proxecto.

Consta incorporada ao expediente a resolución de alcaldía núm.2019-769 de data 5 de xuño de 2019 ( CSV: AZWGF57NJ35XRDSR39XXHPWPP) en virtude da cal se acepta a subvención concedida por importe de 74.296,86 € pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro das bases que regulan as axudas e subvencións encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o proxecto denominado Mellora das beirarrúas do polígono industrial de Castiñeiras.

Asemade, mediante resolución de alcaldía núm. 2019-0841 de 18.06.2019 solicitouse unha subvención para este investimento por importe de 18.574,21 € ( que corresponde ao 20 % do importe total do proxecto: 92.871,07 €), ao abeiro dos remanentes do Plan Concellos 2017 ( BOP num.249 de 30.12.2016) da Deputación de Pontevedra.

Tendo en conta o disposto no apartado segundo da Disposición Adicional Terceira da Lei de Contratos do Sector Público *poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comeza no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación a condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.* Logo do anterior, o presente contrato tramítase anticipadamente ao depender a existencia de crédito dunha subvención solicitada á Deputación de Pontevedra polo 20% do importe do orzamento do Proxecto , pero que aínda non concedida.

### **IV. PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

#### A. Elección do procedemento.-

A adxudicación realizarase, utilizando un único criterio de adxudicación (menor prezo ofertado), e mediante o procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159.6 da citada norma por resultar o máis eficiente e áxil cuxos trámites se simplifican respecto do procedemento aberto e permite garantir a concorrencia en aras de conseguir a mellor oferta do mercado para a realización da obra xunto co cumprimento dos principios que deben informar a contratación no sector público.

#### B. Criterios de adxudicación. Xustificación e fórmulas aplicables:

Para valorar as proposicións e determinar a mellor oferta, utilizarase o criterio de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, a cal se avaliará con arranxo a criterios económicos dada a natureza das prestacións que son obxecto do contrato e coa elección dun único criterio de adxudicación nos termos que resultan do art. 145 e con



## CONCELLO DE BUEU

aplicación do disposto no art. 146.1 da LCSP que establece: “Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados primero y tercero del artículo anterior, cuando solo se utilice un criterio de adjudicación, este deberá estar relacionado con los costes, pudiendo ser el precio o un criterio basado en la rentabilidad.../...”

Logo do anterior, respecto ao prezo ofertado se propón asignar unha puntuación máxima de 100 puntos.

Respecto á súa avaliación, ésta realizarase mediante cifras ou fórmulas, que permiten a súa apreciación de forma automática. A fórmula utilizada para valorar o criterio de adxudicación permite distribuír a totalidade da puntuación relativa ao mesmo de forma proporcional coa vantaxe de ser capaces de asignar puntos en toda a horquilla comprendida desde o máximo (a mellor oferta) como por á ausencia en si de puntuación (para as ofertas que non ofrezan melloras na licitación).

A continuación se sinala nun cadro resumo o criterio económico e a súa ponderación:

- CRITERIO ECONÓMICO: Oferta económica

Puntuación máxima: 100 puntos.

Criterio: Menor prezo ofertado.

Este criterio de adxudicación se valorará obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática. Outorgarase a máxima puntuación establecida á licitadora que menor importe do prezo ofrezca, e o resto distribuirase proporcionalmente con arranxo á seguinte fórmula matemática:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_p$$

Donde:

P<sub>n</sub>: Puntuación de la oferta

P<sub>m</sub>: Puntuación máxima posible (100)

O<sub>b</sub>: Importe de la oferta más baja.

O<sub>p</sub>: Importe de la oferta a puntuar

## **V. CATEGORÍA CONTRACTUAL E PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS**

A través deste cadro se resumen as principais características do contrato a celebrar que resultan do proxecto de obra:

<b>I. ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	
I.1.- Valor estimado	76.752,95 €
I.2.- Orzamento base de licitación	76.752,95 € I.V.E. 21%: 16.118,12 € Total : 92.871,07 €



## CONCELLO DE BUEU

<b>I.3.- Aplicación orzamentaria</b>	2019 / 0 / 1532 / 61910 / 01 ( Doc.contable RC num. 2019005148)
--------------------------------------	---

<b>II. PRAZO E LUGAR DE EXECUCIÓN</b>	
<b>II.1.- Prazo de execución</b>	<p>DOUS ( 2) MESES</p> <p>Prazos parciais: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> No</p> <p>Recepcións parciais: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> No (Base doc.: PLAN DE OBRA do PROXECTO).</p> <p>En todo caso, a duración do contrato queda determinado:</p> <p>1) Polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva) , das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (IN519B) [DOG núm. 7, do 10.01.2019] Artigo 21: O prazo límite para xustificar a inversión será o 31 de outubro de 2019.</p> <p>2) Polo prazo de xustificación da axuda solicitada ao abeiro do Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra ( BOP num. 249 de 30.12.2016 e polo acordo de prórroga do mesmo (BOP num.236 de 10.12.2018) que remata o vindeiro 30 de novembro de.2019.</p>
<b>II.2.- Lugar de execución</b>	Polígono Industrial de Castiñeiras (Base doc.: Ver Planos de situación contidos no proxecto).

<b>III. DO PROCEDEMENTO</b>		
III.1- Procedemento e tramitación	Tipo de procedemento	Aberto Simplificado Artigo 159.6 LCSP
	Tipo de contrato:	Obras
	Tramitación:	<input checked="" type="checkbox"/> Anticipada
	CNAE e CPV:	Códigos CNAE: Sección F: Construción 43.11 Demolición Códigos CPV: 45233222-1 Traballos de pavimentación 54262370-5 Traballos de colocación de recubrimentos de formigón

(Documento asinado electronicamente ao marxe)